

**ACTAS DEL XIII
CONGRESO INTERNACIONAL
ASOCIACIÓN HISPÁNICA DE
LITERATURA MEDIEVAL**

(Valladolid, 15 a 19 de septiembre de 2009)

**IN MEMORIAM
ALAN DEYERMOND**

II

Editadas por
José Manuel Fradejas Rueda
Déborah Dietrick Smithbauer
Demetrio Martín Sanz
M^a Jesús Díez Garretas



VALLADOLID
2010

© Asociación Hispánica de Literatura Medieval, 2010

© Los autores, 2010

Reservados los todos derechos. Prohibida la reproducción parcial o total por cualquier medio, salvo para citas, sin permiso escrito de los propietarios del copyright

Publicado por el Ayuntamiento de Valladolid y la Universidad de Valladolid

Ni el Ayuntamiento de Valladolid, ni la Universidad de Valladolid (UVa) ni la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (AHLM) ni los editores son responsables de la permanencia, pertinencia o precisión de las URL externas o de terceras personas que se mencionan en esta publicación, ni garantizan que el contenido de tales sitios web es, o será, preciso o pertinente.

Edición realizada dentro del proyecto de investigación VA46A09 financiado por la Junta de Castilla y León.

Ilustración de la cubierta de María Varela

ISBN 978-84-693-8468-8

D.L. VA 951-2010

Impreso en España por
Valladolid Artes Gráficas

MORRER E MATAR POR AMOR NA LÍRICA DE DON DINIS

JOAQUIM VENTURA RUIZ
Barcelona, Sección de crítica de la AELG

*Vivir así es morir de amor
por amor tengo el alma herida
por amor, no quiero más vida
que su vida
melancolía...*

Camilo Sesto (Camilo Blanes)
Sentimientos, 1978

Sería especulativo afirmar que Don Dinis ou os trobadores da tradición lírica galego-portuguesa coñeceron o tratado *De Amore* de Andrés o Capelán, escrito en latín na Francia de finais do século XII. Porén, a influencia dos trobadores provenzais –que si o coñeceron– condicionaria a conformación dun pensamento verbo do amor no occidente hispánico.

E se hai un tema presente na historia da humanidade é a da relación entre amor e morte, é dicir resurrección/reproducción carnal e desaparición, establecido polos gregos como *eros* e *thánatos*. Esta relación pode levar incorporada a destrución –incluso ritualizada: Edipo, Romeo e Xulieta– e conducir (como sucede nos nosos días coa violencia contra as mulleres) á consideración da morte da parella antes que a perda (Sapetti 1990).

Cada época situou esta constante humana de acordo cos parámetros estéticos de que dispuña. Na lírica medieval galego-portuguesa o tema da morte vencellada ao amor non é infrecuente, xa que logo no xénero de amor, as máis das veces como expresión suprema da coita. Máis estrano é atopalo en cantigas de amigo, polo menos nas de formato arquetípico. Nas que non o seguen podemos atopar algún exemplo, como o refrán da cantiga de Afonso Soarez Sarraça B659-V260 “e sse o eu por mi leixar morrer” e, por suposto, no caso do portugués Roi Queimado, ubicable a mediados do século XIII, que mesmo

incorpora o tema en dous escárnios de amor (A142-B623 e A143-B264) e nunha cantiga de amor de voz feminina (B715-V316).

Porén, a abundancia productora de Don Dinis permétenos poder considerar unha ampla variedade temática na súa lírica, xa que logo o da morte motivada polo amor.

Se consideramos as súas cantigas de amigo¹, das cincuenta tres ou cincuenta e catro que conservamos, apenas nove teñen a forma canónica: paralelismo, leixaprén, rima alternada en *-i-o/-i-a* e/ou *-a-o/-a-a*. E destas nova cantigas, só dúas delas (B566-V169 e B567-V170) incorporan a idea de “morror de amor”, sendo as restantes de pouco sentido trágico.

No resto das cantigas de amigo, as corenta e cinco non canónicas, a morte está presente en dezanove, é dicir nunca proporción moito maior. Mais o tratamento da morte por amor é diferente nas cantigas de amigo de estrutura arquetípica verbo das de estrutura trobadoresca. Nestas, a morte por amor vai estreitamente vencellada ao sufrimento da moza. Dalgún xeito actuarían a maneira de cantigas de amor de voz feminina (coita pasiva), mentras que as de voz masculina (as cantigas de amor arquetípicas) serían de coita activa.

Nalgunhas cantigas a ausencia do amigo é interpretada como causada pola súa morte (por coita), como no caso do refrán da cantiga B554-V157 (“que algur morreu com pesar, pois non tornou migo falar”) ou mesmo como reproche pola tristeza do amigo: “Como pódese durar que ja non morreu com pesar” (B555-V158).

A presenza da morte pode non ter que ver co sufrimento amoroso. Así, na cantiga B574-V178, unha amiga dille á moza que sabe “ben d’ unha molher que se traballa de vosco buscar mal a voss’ amigo polo matar” ou “unha que Deus maldiga [...] vo-lo ten louqu’ e tolheito, e moir’ end’ eu com despeito.” (refrán de B594-V197).

A ausencia do amigo (non acudir á cita concertada ou non dar sinal de vida) tamén pode ser interpretada como causada pola morte. Así, na cantiga B557-V160 o amigo “nom vem, nem envia mandad’, é mort’ ou mentía”. Ou, de xeito semellante, a B558-V161, na cal a amiga dille á moza que ten recado do seu amigo e “diz qu’ oje tercer dia bem lhi partirades morte”, e a B573-V177, na cal a moza sospeita que a ausencia do amigo é debida a “que é morto”. A moza tamén pode considerar que coa ausencia o amigo “faz-mi gram traiçom” e por iso “nem vej’ i, amiga, se morte nom” (B603-V206). A moza

¹ Aceptemos a convención de considerar cantiga de amigo a toda composición lírica de voz feminina.

mesmo fala con Deus e pédelle que escolla “por vós, amigo, e desi por mi que non moirades vós, nem eu assi [refrán]. Como morremos [...]” (B582-V184).

A moza ten desexos de amor na ausencia do amigo e así o expresa. Por iso, a nai pregúntalle polo seu pesar, como sucede nas cantigas B566-V169 (“ai, madre, moiro d’amor”) e B567-V170, na cal a nai pregunta á moza “de qué morredes, filha?” e esta resposta “madre, moiro d’amores”.

Mais tamén a moza pode replicar á nai se esta se opuña á relación (“mha morte quizestes, madre, nom al”, B582-V185) ou confésallo ao amigo: “[...] mha madr’ é que vos a mortal desamor; e con este mal de morrer nom mi pesari[a]” e engade que a nai “porem mha morte querría” (B588-V191).

Mais dalgún xeito estos temas forman parte do xénero de amigo. Porén, Don Dinis incorpora a este xénero a coita propia da cantiga de amor. Así, a moza pode actuar a maneira dunha *senhor* e provocar coita no seu amigo. Sucede na cantiga B559-V162, cando a moza lle confesa á amiga que non desexa que o seu amigo “aja gram pesar nem gram plazer” e por iso di que “nom o quero guarir nem o matar”, e engade que “se lhi mostrass’ algun desamor, nom se podria guardar de morte”.

Tamén atopamos unha rivalidade polas coitas. En B593-V196 a moza di que vive coitada pola ausencia do amigo, mentras que este tamén anda coitado por falar con ela. E a coita da moza “nom m’ é se nom morte”. E por non velo ten tanta coita que pensa que non hai ninguén coma ela “que nom morresse” e “da mort’ei enveja a tod’ome ou molher que ja morresse”. Ou a proclamación da coita propia como a maior: “quem padecesse coita qual padesco, que non morresse” (B604-V207).

Mais a coita do amigo, se ben en aparencia desacouga á moza (en converxencia dos tópicos de amor e de amigo), tamén provoca que ela presuma do amor (por coita) que el lle ten. En B574-V178 a amiga confésalle á moza a coita do seu amigo: “El andava trist’ é mui sem sabor, come quem é tam coitado d’amor, e perdend’o sem e a color”. E parécelle que andaba “come morto, ca é descomunal o mal que sofr’ e coita mortal”.

Ou cando a moza dialoga coa amiga en B580-V183 e láíase porque o amigo anda “de mal assaz” e “porque nom cuida de mi bem a ver, viv’em coita, coitado por morrer” (refrán). E engade que “morrerá d’ esta [...] se nom pode de morte guardar” e aínda “case cuidasse de mi bem aver, ant’el quería viver ca morrer”.

Tamén hai unha confianza dunha amiga á moza cando lle di que aquel que a ama anda coitado ata o punto de morrer (“porem ja morrerá”), unha coita que ten desde “que vós el viu, que morte lh’ é” (B598-V201). Mais tamén pode

admirar a coita do amigo e louvala (“de morreredes por mi gram dereit’ é”) ata repetilo no refrán: “non é sem guisa de por mi morrer / quem mui bem vir este meu parecer” (B591-V194).

Incluso, algunha falla do amigo é considerada en positivo pola moza, como en B563-V166, cando di que “pesar mi fez meu amigo” mais pensa que non quería facerllo porque “ant’el querría morrer c’a mi sol um pesar fazer” (refrán) e insiste: “ca sei que se fôra matar ante que a mi fazer pesar”, sabedora ela “ca de morrer ou de viver sap’el va x’ é no meu poder”.

Don Dinis xa marcou as suas diferéncias verbo dos “proençaes” (B524b-V127) por non ter unha coita coma a sua, tal que “m’a de matar”. Na sua lírica amorosa conserva o tópico da morte como culminación da coita. Teriamolo nas cantigas B506-V89, B513-V96, B521a-V114, B528-V111-D5, B529b-V132, B536-V139, B538-V141, B540-V143, B545-V148, B546-V149, B549-V152, B552-V155 e, especialmente, na B539-V142. Nesta cantiga o trobador reprocha á *senhor* que non lembre ben todo o mal que está a sufrir por ela, tanto que se o desama será amado de ela; así poderá saber “qual coita é de padecer aquesta de que me matardes”.

Mais o monarca portugués incorporou outros tópicos ou, polo menos, outros tratamentos da morte por amor. Un deles é o de perder a coita a causa da morte. Seria o caso de B501-V84, na cal a voz masculina afirma que cando vexa a sua *senhor*, acadará tal conforto que morrerá e, por iso, perderá a coita. Ou a B510-V93, na cal o trobador di ter tanta coita que desexa morrer, se non fose porque o seu ben, o seu pracer, é sufrila. No caso da B525-V106-D2 tan grande é a coita que sofre o trobador que desexa a morte; mais, como non lle chega, a sua coita é aínda maior. En B525-V118 o trobador desexa cantarlle á *senhor* o seu mal, que tan grande é que “m’oj’eu vejo morrer”, mais teme perder a coita se iso sucedese. Ou na cantiga B531-V134, na cal tan atormentado vive o trobador que non terá pracer se Deus lle dá ese amor; e tanto sofre que “ja da morte ei [mui gram] prazer e nenhum pavor” e “da mort’ende sōo desejadador”. Aínda que en B511-V94 considera que, se para a *senhor* o seu amor é grave (“forte”), para el máis o é morrer que vivir coa coita.

Outro tema que Don Dinis incorpora é a morte do trobador como razón para que a *senhor* o lembre. Así sucede en B497-V80 (se morre, a *senhor* sentirá a perda dun vasalo) ou en B514-V97 (unha cantiga con estrutura de amigo) na cal o trobador di que, como el vai morrer, ela o lembrará.

Tampouco dubida en poñer a Deus coma testemuña ou axente da morte por amor. En B500-V83 o trobador laia a morte que a *senhor* lle causa e pensa que Deus non lle perdoará. Tamén o pon de testemuña na cantiga B503-V86 cando

sostén que Deus fixo que coñecese a sua *senhor*, de tal xeito que non lle dá morte para así manter a coita. En B498-V81 o trovador confesa que desexa deixar de trobar e mais o amparo do amor; mais non pode deixar a sua *senhor* nen atopa gusto por nada agás da morte; porén Deus non lla quere dar. Tamén temos o caso dun malestar tan grande polo amor e mais a coita que o trovador sofre (“que nom ei em mim força nem poder / nem dormho rem nem ei em mim recado”) que solicita a morte: “peç’a Deus perdom” (B527bis-V130).

En B541-V144 increpa á *senhor* polo pracer que sente en “fazerdes mal por bem” e por iso pede a Deus “que vos mud’esse coração” e remata dicindo que “se vo-lo mudar, enton poss’eu viver, [e] se nom, nom”.

Unha das cantigas con maior carga argumental é B544-V147. O trovador láiaise de que “Amor fez a min amar, gran temp’a, unha molher que meu mal quis sempr’e quer, e me quis e quer matar”. Apela a Deus pola sua coita, tan forte “que par m’ é de morte” e tanto mal lle causou que “m’oj’eu morrer vejo”. Con todo, acepta o ben que lle fai querer a unha muller que desexa o seu mal “e a que praz d’eu morrer”. Finalmente, apela novamente a Deus para que, polo mal que padece, “mi queira dar guardia de mort’, ou dê melhor vida”.

Sen deixar a presenza divina temos tamén un motivo de ciumes, como o da cantiga B522-V105, na cal o trovador se dirixe a Deus “de grado” porque a sua *senhor* lle falou; mais se fixo tal foi porque ela pensaba que andaba namorado doutra muller pola cal moria mais pensa que, de non ser por iso, antes se mataría ela que falarlle.

Mais un tema que resulta verdadeiramente orixinal na lírica galega-portuguesa é que a *senhor* “mate” ao trovador. En B523bis-V126, despois do tópico da morte por non perder a coita, ese amor é tan malo “que me mata”, se ben este “me matar” non lle resulta grave.

De xeito semellante en B526-V109-D3, na cal o trovador confesa á *senhor* que “me vejo ja por vós morrer” e nunca antes lle falara “de cómo me mataba voss’amor”: e dille iso porque non ten admiración (“pavor”) por outra *senhor*. E tanto é o medo que ten á sua *senhor* que quizáis iso lle daba a entender “que por outra morria”. Por iso, se o mata (“se me matardes”, “de me matardes”, “se mi quizerdes dar morte”) pensa merecelo e o terá por grande prémio (“por gram merce a vo-lo [eu] terre”). Tamén en B528bis-V131, cando o trovador considera que a *senhor* fai ben en non corresponder ao seu amor: tanto que “de me matardes faredes meu ben” mais non por iso pense ela que, se “mi morte dedes”, el agarda a mellor recompensa (“aguard’ ond’ eu seja mais pagado”).

Mais tamén temos a reacción oposta, cando o trovador considera non ser merecedor da morte que lle causa a *senhor*, como sucede en B519bis-V122 e

B521bis-V124, ou en B499-V82, na cal o trobador se laia por considerar que, servicial como foi, non é merecedor da morte pola sua *senhor*.

Hai outras cantigas –con indicación explícita da morte ou non- que ilustran as manifestacións psicossomáticas da coita. Non resulta orixinal Don Dinis neste tema mais si bastante completo verbo da sua sintomatoloxía. Así, en 526a-V119 o trobador di que cando lembra a sua *senhor* sente non poder vela; por iso, “nom me posso guardar de ensandecer ou morrer com pesar”; e tan única fixo Deus á *senhor* que, se non pode vela, “nom posso vivir”. Tamén en B508-V91 manifesta que, malia a sua coita, non perderá o siso, porque ela non perde nada. Pola contra, a ausencia da *senhor* pode alterar a coita ata o punto de perder o siso (B518-V101) ou “moir’e perdi o sem e a razom” porque dela non se pode lembrar (B523-V106). Unha perda do siso que o leva a compararse con Brancaflor e Flores, e Tristan e Iseu (B522a-V115). Outro síntoma da coita é, alén da perda do siso, a dificultade de conciliar o sono (“que o dormir e o sem perdi” B538-V141).

Tamén nas pastorelas atopamos a morte coma cúmulo da coita. Así temos B519-V103, unha “pastorela de amigo”, na cal unha pastora se laia do seu amado, por quen ten tal coita que lle é morte. Ou B534-V137 na cal unha “pastor ben talhada” ten confidencias cun “papagai mui fremoso” verbo da ausencia do seu amigo e a moza pédelle a verdade “ca morte m’ é esta vida”.

Así pois resulta claro que na lírica amorosa dionisiaca hai unha xuntanza de temas e de estruturas que motiva que moitas das suas cantigas non poidan seren consideradas dun xeito simplificado como de amigo ou de amor. Esta circunstancia resulta clara en B575-576-V179, cantiga considerada de amigo pola edición de Mercedes Brea mais con estrutura arquetípica de amor e cun diálogo entre a moza e o seu amigo, a quen lle pregunta se ten que partir; el dille que si mais que “morte m’ é de m’ alongar”; ela di que “eu sem vós morrerei”, ao que el resposta, tratándoa de *senhor*, que “o que morrerá, eu serei [...] ca eu sem vós de morrer ei”; a moza interpélalle: “¿queredes-mhi, amigo, matar?”, e o amigo resposta: “nom, mha senhor, mais por guardar vós, mato mi que mh o busquei”.

Así temos tres elementos a considerar arredor da idea amor-morte: o amor que fai morrer ou que mata, os ciumes (simbolizados en “morrer por outra”) e a sintomatoloxía psicossomática da coita. Comezando polos ciumes, Andrés o Capelán (1990:55), á pregunta de qué é o amor, di que o amante teme constantemente que o seu amor non poida acadar o froito desexado e prodigar os seus esforzos en van e que “unha vez que o amor se alcanza por ambas as dúas partes, aparecen recelos non menores; pois cada un dos amantes teme que o que conseguiu con tanto esforzo se perda por culpa dos intentos de outro”. E

engadía que “o amor tamén aumenta se un dos amantes se amosa irritado co outro, pois decontado este último temerá que o enfado do primeiro dure eternamente. Medra tamén cando un deles sente ciumes de verdade [...]” (Andrés 1990:293).

Mais na lírica de Don Dinis, e isto é extensivo ao conxunto dos cancioneiros galego-portugueses, a voz enunciativa (sexa a da moza nas cantigas de amigo, sexa a do trovador nas de amor) nunca dá motivo para os ciumes alleos senón que é unha terceira voz (dunha amiga confidente verbo doutra muller no xénero de amigo, da *senhor* por boca do propio trovador no caso do xénero de amor). Mais a expresión de ciumes non sería tanto dúbida por parte da persoa amada senón un elemento engadido ou intrínseca da coita, masculina ou feminina, e por iso Don Dinis a expresa relacionada coa morte de alguén ou por alguén.

Un segundo elemento sería a sintomatoloxía psicossomática da coita. Se ben en aparencia resultaría un recurso retórico, ilustrativo, en realidade estaría a definir o estado de melancolía que provoca a depresión. As expresións “perder o sem”, “perder o siso”, “non poder dormir”, “perder a color”, “andar louqu’e tolheito”, “ensandecer” definen moi ben o estado melancólico de quen ama sen ser correspondido.

Andrés o Capelán (1990:57) xa advertía que o amor ten que ser obsesivo xa que unha reflexión moderada non pode volver á mente e, polo tanto, dela non pode nacer o amor. Mais tamén avisaba da consecuência disto cando aconsellaba dicirlle á amada “a visión da vosa beleza [...] perturba a miña mente. [...]. Se me concedédeses o que os pido, devolveríadesme a vida –xa perdida- e mais o consolo para vivir; mais se quixédeses negarmo, a vida sería para min un tormento, que é peor ca unha morte rápida. En efecto, mellor sería elixir unha morte rápida a xacer para sempre baixo tormentos tan terribles” (Andrés 1990:93). E cando condena o amor, faino entroutras razóns porque do amor “procede a doenza física, pois cunha mala dixestión se perturban os humores internos e diso nacen as febres e innumerables doenzas. A perda do sono tamén produce a miúdo alteracións no cerebro e na mente” (Andrés 1990:391).

No século X Ishaq Ibn Imran escribiu en Bagdad *Maqâla fî âl-Malîhûliyâ*, un tratado dedicado exclusivamente á melancolía e entre os que a padecen –a causa dun exceso nas actividades racionais ou da fantasía- situaba os namorados. A doutrina de Ibn Imran foi traducida un século despois por Constantino o Africano, da Escola Médica Salernitana (Sicília), e despois monxe bieito en Monte Cassino. Asumía que a melancolía pode afectar o espírito máis que outras doenzas somáticas. Coincidiu con Hipócrates en que as

suas repercusións podían ser o temor e mais a tristeza, en tanto que perda do obxecto amado (adiantándose ás interpretacións psicoanalíticas), cunha somatización do malestar anímico (seguindo o principio que afirma que o corpo segue á alma). Cando a doutrina cristiá tentou conciliar a medicina coa relixión, a melancolía foi asimilada ao pecado e pasou ser denominada acedia ou *apátheia* (desidia, apatía). Entre as manifestacións da melancolía (da depresión) temos a perda de motivación e a sensación, por parte de quen a padece, de estar frustrado e ser un desgraciado, cunha visión negativa dun mesmo, con tendencias autodestructivas (suicidio ou esperanza de morte), ter problemas de concentración, perda do sono, pesimismo, desaxustes orgánicos (Jiménez Treviño et alia 2006:17). En definitiva, os síntomas descritos por Don Dinis.

E o terceiro elemento é a morte propiamente dita. Se ben na retórica lírica quedaba moi ben o de morrer de amor (recuperado séculos despois polo Romanticismo), o exceso amoroso que conducía á morte era asimilado pola doutrina de Igrexa ao suicidio.² Antes da aparición do cristianismo había certa aceptación do suicidio. Así, os pobos xermánicos non o condenaban se evitaba a chamada “morte vergoñenta” ou *kerlingedale* (Trindade 2006). A xustiza romana previa uns tribunais que podían autorizar ou non o suicidio. O *Corpus Iuris Civilis* de Xustiniano consideraba xustificado o suicidio causado por *tædium vitæ*, se ben aos suicidas se lles negaba a sepultura, o seu testamento era destruído e os seus bens confiscados (Jiménez Treviño et alia 2006:11).

O primeiro cristianismo tolerou o suicidio xa que o martirio (voluntario) non era outra cousa. Mais desde o século IV a Igrexa comezou a condenalo. Agustín de Hipona consideraba o suicidio un acto detestable e abominable e contrario á lei natural. O Concilio de Arles (452) considerou que o suicidio estaba inducido polo diaño e recuperou a lexislación romana verbo da negación de inhumación e transmisión da herdanza. O concilio de Braga (563) sancionou penalmente o suicidio ao dictaminar que o suicida non fose honrado con conmemoracións litúrxicas e excluindo do camposanto. O concilio de Auxerre (578) acordou que o corpo dun suicida fose trasladado con escárnio, enterrado nunha encrucillada de camiños e a súa memoria difamada e os seus bens confiscados (Avilés 2005:264-265). O concilio de Toledo (653) engadiu a pena de excomuñón.

Xa no século XIII Tomás de Aquino condenou o suicidio, en tanto que pecado contra Deus, con dous argumentos: o primeiro di que non se pode dispor

² A denominación de suicidio é relativamente recente (Abate François Desfontaines, 1735) é así non foi incorporada á lingua castelá ata 1772 coa obra de Fray Fernando de Ceballos *La falsa filosofía y el ateísmo* (Jiménez Treviño et alia 2006:17).

da vida (própia ou allea) porque un non se pertence a si mesmo (senón a Deus), e o segundo establece que o Home, en tanto que criatura de Deus, non é libre de decidir sobre a vida (própia ou allea). Fronte ao suicidio (inducido polo diaño), Tomás de Aquino defendía, na liña da tradición grecolatina, a existencia de certas doenzas mentais de orixe natural –chamadas “vesanias”- que alteraban a conciencia, como a histeria, a epilepsia e mais a melancolía. Nese estado de ofuscación temporal, chamado no Dereito Romano *insanus* ou *furiosus*, o suicidio non sería pecado. Tamén disculpaba a morte buscada se iso producía un ben maior (“teoría do dobre efecto”).

Alén, a lexislación civil medieval precisaba o tipo de castigo a sufrir polos suicidas: arrastrar o seu corpo cabeza abaixo polas rúas da cidade, inhumación en terra non sagrada e clavarlle unha estaca no corazón e unha pedra na cabeza para que a alma non resucitase (Baena et alia 2005).³

Porén ¿tería relación a tolerancia amorosa co suicidio e, en consecuencia, coa vulneración da doutrina de Igrexa? Se atendemos a definición médica máis coñecida, a d’Emile Durkheim na súa obra *Le suicide* (1897, cito por Jiménez Treviño 2006:13), sen dúbida: “Chámase suicidio a toda morte que resulta, mediata ou inmediata, dun acto, positivo ou negativo, realizado pola vítima mesma, sabendo ela que debía producirse ese resultado”. Máis aínda se consideramos a definición que dá a teoloxía cristiá. Así, para a Igrexa católica, suicidio é o acto no cal un mesmo causa a súa propia morte, ben sexa destruindo definitivamente a propia vida, ben omitindo facer o necesario para escapar da morte. En consecuencia, para a moral cristiá cómpre atender a obrigaón de preservar a propia vida (Vander Heeren 1908).

Se ben a escola psiquiátrica francesa (Pinel e Esquirol) distinguía entre suicidio obsesivo e suicidio melancólico, trascendendo da dimensión retórica á dimensión real, a morte causada por amor podería ser encadrada mellor no comportamento calificado por Patrick O’Carroll (1996, cito por Jiménez Treviño 2006:14) como condutas potencialmente autolesivas (como sería a obsesión amorosa) nas cales é evidente, explícita ou implícitamente, que a persoa non ten intención de matarse maila desexar aparentar que si para obter algun beneficio.

No caso dos trobadores galego-portugueses o beneficio non sería o amor da *senhor* senón, paradoxalmente, a coita, o sufrimento amoroso (a consumación da morte liquidaría a coita). Así, dalgún xeito, a ameaza retórica, que non real,

³ O novo *Catecismo* da Igrexa Católica, a partir da reforma do Código de Dereito Canónico de 1983, establece no canon 2283 que os suicidas poidan ser inhumados en sagrado e ser destinatarios de oracións pola súa alma.

da morte actuarial a maneira de antídoto contra a coita, no ben entendido que, pola súa parte, a coita (o exercicio dela) actuarial precisamente como freo perante a tendencia suicida que poderia provocar a súa sintomatoloxía, melancólico-depresiva.

Por iso Don Denis ten que incorporar, polo menos nalgúns cantigas, a solicitude do perdón de Deus ou polo menos neutralizar coa intervención divina o hipotético castigo que impuña a moral cristiá verbo das actitudes (activas ou pasivas) tendentes á autolesión con resultado mortal.

Con todo, e a maneira de conclusión, se ben a coita e a morte como culminación dela non pasaban da dimensión retórica, a súa descrición responde, con precisión, a unha patoloxía real: a depresión, a melancolía, que pode conducir á morte. E iso xa era coñecido no século XIII.

BIBLIOGRAFÍA

- Andrés o Capelán (1990). *De Amore (Tratado sobre el amor)*, trad. Inés Creixell Vidal-Quadras. Sirmio, Barcelona.
- Manuel Avilés Gómez (2005). *El terrorismo integrista. ¿Guerras de religión?* Alacant, Editorial Club Universitario.
- Baena Zúñiga, Alma; Sandoval Villegas, Marmilia Araceli; Urbina Torres, Celia; Helen Juárez, Norma; Villariños Bayardo, Sergio (2005). "Los trastornos del estado de ánimo" in *Revista Digital Universitaria*, 10 de noviembre de 2005, Vol. 6, núm. 11. [Universidad Nacional Autónoma de México]. www.revista.unam.mx/vol.6/num.11.
- Mercedes Brea (coordinadora, 1996). *Lírica Profana Galego-Portuguesa*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, CE Ramón Piñeiro.
- Constantino el Africano (1992). "De Melancolía", Pagés Larraya, F. Acta, suplemento I, Buenos Aires.
- Luis Jiménez Treviño, Pilar A. Sáiz Martínez, Julio Bobes García (2006). "Suicidio y depresión" in *Humanitas. Humanidades Médicas*, núm. 9 (novembre 2006) (cito por www.fundacionmhm.org).
- Adrián Sapetti (1990). "Sexualidad y muerte" in *Revista de Sash* (año IV, nº 1), Buenos Aires (cito por www.sexovida.com).
- Jorge Trindade y Pamela González (2006). "Victimología del suicidio", Universidad de Mendoza (cito por www.carlosparma.com.ar).
- Achille Van der Heeren [1908]. "Suicidio" en *Enciclopedia Católica*; cito por <http://ec.aciprensa.com> (1999).
- Sen autor. "El suicidio". www.corazones.org (2009).
- Catecismo de la Iglesia Católica* in www.vatican.va/archive (2009).
- "Historia de la depresión" in <http://es.wikipedia.org> (3 de xullo de 2009).